



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PORTO DO SON

*Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas*

**Convocatoria y bases reguladoras de las ayudas escolares del Ayuntamiento de Porto do Son del año escolar 2021-2022**

BDNS(Identif.):583322

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583322>).

#### **Primero.-Objeto.**

Esta convocatoria tiene por objeto dos líneas de subvención:

Ayudas para material escolar, destinadas a financiar el coste de adquisición de los libros de texto y material escolar de las personas beneficiarias matriculadas en Educación Infantil.

Ayudas para transporte escolar, destinadas a financiar los costes de desplazamiento en transporte público colectivo de las personas beneficiarias matriculadas en los ciclos de Enseñanza Secundaria o en Formación Profesional que no se impartan en el Ayuntamiento de Porto do Son y personas beneficiarias que asistan a la universidad.

#### **Segundo.-Personas Beneficiarias (requisitos).**

Tienen la condición de persona beneficiaria de las ayudas los estudiantes o, si fuesen menores de edad, los/as padres/madres, tutores o cuidadores.

Las personas beneficiarias deberán cumplir los siguientes requisitos:

Encontrarse empadronados/as en el Ayuntamiento de Porto do Son.

Con carácter general, estar matriculados/as para cursar estudios en centros de enseñanza oficiales en el año escolar correspondiente al de la convocatoria de las ayudas.

No superar el siguiente nivel de renta: 600 €/mes.

No percibir ninguna otra ayuda para el mismo fin.

No tener pendientes de justificación, una vez acabado el plazo para eso, otras ayudas o subvenciones otorgadas por el Ayuntamiento de Porto do Son.

#### **Tercero.-Bases reguladoras.**

Ordenanza por la que se establecen las bases reguladoras del otorgamiento de las ayudas escolares del Ayuntamiento de Porto do Son, publicada en el BOP núm. 276, del 14.09.2012, con las modificaciones publicadas en el BOP núm. 174, del 12.09.2014.

#### **Cuarto.-Cuantía.**

Las ayudas se financiarán con cargo a la aplicación presupuestaria 231.48001, con los siguientes importes máximos:

Línea de material escolar

2.000 €

Línea de transporte escolar

7.305,79 €

La distribución de los créditos presupuestarios entre ambas líneas de ayuda tiene un carácter estimativo, por lo que puede ser objeto de modificación sin que se precise de una nueva convocatoria. Unicamente se requerirá que, con carácter previo a la resolución de concesión, el alcalde apruebe la distribución definitiva de las ayudas y se publique en los mismos medios que la convocatoria.

**Quinto.-Lugar y plazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes se presentarán en el Registro Municipal o en alguna de las formas establecidas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común, según el modelo previsto en el anexo I, acompañado de la documentación complementaria correspondiente.

El plazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, contando desde el siguiente a la publicación oficial del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de la Coruña (BOP).

**Sexto.-Otros datos.**

El día de la publicación del presente extracto en el BOP se procederá a la publicación del texto íntegro de la convocatoria en la página web del ayuntamiento de Porto do Son <https://portodoson.gal/> y en el tablón de anuncios de la sede electrónica, en el que figura como anexos los modelos normalizados a los que deberán ajustarse la presentación de solicitudes.

Porto do Son

13/9/2021

El alcalde

José Luís Oujo Pouso

**Convocatoria e bases reguladoras das axudas escolares do Concello de Porto do Son do ano escolar 2021-2022**

BDNS(Identif.):583322

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/583322>)

**Primeiro.-Obxecto.**

Esta convocatoria ten por obxecto dúas liñas de subvención:

Axudas para material escolar, destinadas a financiar o custo de adquisición dos libros de texto e material escolar das persoas beneficiarias matriculadas en Educación Infantil.

Axudas para transporte escolar, destinadas a financiar os custos de desprazamento en transporte público colectivo das persoas beneficiarias matriculadas nos ciclos de Ensinanza Secundaria ou en Formación Profesional que non se impartan no Concello de Porto do Son e persoas beneficiarias que asistan á universidade.

**Segundo.-Persoas Beneficiarias (requisitos).**

Teñen a condición de persoa beneficiaria das axudas os estudantes ou, se fosen menores de idade, os/as seus pais/nais, titores ou gardadores de feito.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

Atoparse empadroados/as no Concello de Porto do Son.

Con carácter xeral, estar matriculados/as para cursar estudos en centros de ensino oficiais no ano escolar correspondente ao da convocatoria das axudas.

Non superar o seguinte nivel de renda: 600 €/mes.

Non percibir ningunha outra axuda para o mesmo fin.

Non ter pendentes de xustificación, unha vez rematado o prazo para iso, outras axudas ou subvencións outorgadas polo Concello de Porto do Son.

**Terceiro.-Bases reguladoras.**

Ordenanza pola que se establecen as bases reguladoras do outorgamento das axudas escolares do Concello de Porto do Son, publicada no BOP núm. 276, do 14.09.2012, coas modificacións publicadas no BOP núm. 174, do 12.09.2014.

**Cuarto.-Contía.**

As axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.48001, cos seguintes importes máximos:

Liña de material escolar

2.000 €

Liña de transporte escolar

7.305,79 €

A distribución dos créditos orzamentarios entre ambas liñas de axuda ten un carácter estimativo, polo que pode ser obxecto de modificación sen que se precise dunha nova convocatoria. Unicamente requirirase que, con carácter previo á resolución de concesión, o alcalde aprobe a distribución definitiva das axudas e se publique nos mesmos medios que a convocatoria.

**Quinto.-Lugar e prazo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes presentaranse no Rexistro Municipal ou nalgunha das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, segundo o modelo previsto no anexo I, acompañado da documentación complementaria correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes, contando dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

**Sexto.-Outros datos.**

O día da publicación do presente extracto no BOP procederase á publicación do texto íntegro da convocatoria na páxina web do concello de Porto do Son <https://portodoson.gal/> e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, no que figura como anexos os modelos normalizados aos que deberán axustarse a presentación de solicitudes.

Porto do Son

13/9/2021

O alcalde

José Luís Oujo Pouso

2021/6806